

2008

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA

Prólogo

Nas páxinas que seguen está recollido, a xeito de informe-resumo, non só o máis destacado das accións desenvoltas ao longo de 2008 polo equipo de goberno da Universidade da Coruña, senón tamén datos básicos (estudiantado, profesorado, persoal, investigación, transferencia de coñecemento) que permiten facer un balance completo do ano.

As táboas de alumnado inclúen, por primeira vez, os datos de matrícula dos novos graos de Terapia Ocupacional e de Socioloxía, que aparecen a carón das “vellas” titulacións. A súa incorporación á nosa oferta abre o proceso de substitución de licenciaturas e diplomaturas para se adaptar á estrutura do Espazo Europeo de Educación Superior. No ámbito académico, foi esta, sen dúbida, a actividade que absorbeu máis esforzos do consello de dirección, dos centros e dos departamentos.

Avanzamos de xeito notable na captación de recursos externos para investigación e continuamos ampliando o Parque Tecnolóxico, que é outra das referencias claves na xestión do ano que rematou. A boa saúde das nosas contas, expostas polo miúdo na memoria económica, acompáñase dun nivel de aceptación elevado e sostido entre a mocidade galega, tal e como reflicte a información sobre o estudiantado.

De todo isto e tamén doutras accións en materia de infraestruturas, da mobilidade estudantil e de profesorado, da configuración do cadro de persoal da comunidade universitaria ou da programación cultural rendemos contas neste documento, que presentamos ao Claustro como informe anual de xestión e aberto para toda a sociedade a través do sitio institucional da UDC na Internet.

José María Barja. Reitor